

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

AS CANTAREIRAS



Entrade mozas ó baile.
entrade poucas e poucas.
deixade o camiño libre
para que entren as outras.

POESÍA POPULAR ORAL

Guía de actividades
Educación infantil e primaria

XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Secretaría Xeral da Lingua

CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, Cerceda (A Coruña)

Imprime: Xoán Carlos Portos

Santiago de Compostela, 2025

Depósito legal: C 208-2025

Autoría

Mariña García San León (coordinadora do EDLG)

Sara Casal Varela

María Teresa del Río Boquete

Lucía Doval Sánchez

Cristina Fraga Costa

Montserrat Marín Villaverde

Diana Monserrat Cabrera

Alba Pazos Naya

Lara Sevilla Ferreiro

Ana María Vázquez Fraga

Fotos cedidas por: Richi Casás Salgado, Pablo Quintana, Antón Santamarina, PanSenFron,
Alana e o APOI do Museo do Pobo Galego.

ÍNDICE

	Páx.
ÍNDICE	2
PRESENTACIÓN	3
BIOGRAFÍAS	6
Adolfina e Rosa Casás Rama	6
Eva Castiñeira Santos	6
As Pandeireteiras de Mens	7
Novas xeracións	8
Biografía adaptada con pictogramas	9
ACTIVIDADES	10
Actividades para alumnado NEAE	10
Actividades para toda a comunidade educativa	10
Actividades para educación infantil	11
Actividades para 1º ciclo de educación primaria	16
Actividades para 2º ciclo de educación primaria	22
Actividades para 3º ciclo de educación primaria	27
FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	32
Bibliografía	32
Webgrafía	32
Outras fontes	32

PRESENTACIÓN

Adolfina, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela, dende a Vila da Igrexa, Agranzón e Mens, exerceron de transmisoras, informantes, coidadoras da lingua e da tradición oral popular que foi pasando de xeración en xeración. Fixérono a través dos seus cantos, da súa música, bailes, contos, refráns ou celebracións populares relacionadas cos ciclos do ano (Nadal, Maíos, feiras, romarías...). Se cadra, todo iso quedaría no esquecemento se aló polos anos oitenta do século pasado a Fundación Barrié non lle concedese unha bolsa á musicóloga suíza Dorothe Schubarth, autora, xunto co académico da Fonsagrada Antón Santamarina Fernández, da recolleita e edición do *Cancioneiro popular galego*. Con estes vimbios, sete mestras de infantil e primaria e tres especialistas de música, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, respectivamente, do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro da parroquia de Rodís, no concello de Cerceda, fomos tecendo nove carteis a xeito de cantigas para apoderar estas mulleres que, sen sabelo, xa estaban apoderadas no seu tempo. Elas sentaron as bases para que agora unha nova xeración de mulleres do noso país (como reflectimos no cartel número 10) continúen poñendo en valor o legado da poesía popular oral.

Os tres primeiros carteis pretenden lembrar a historia de Adolfina e Rosa Casás, de Cerceda. As cantigas escollidas fan referencia ao seu lugar de nacemento, á importancia que a pandeireta, o cante e o baile tiveron nas súas vidas e ao valor e prestixio que a sociedade rural lles daba ás costureiras polo que tiñan de privilexiadas ao traballar dentro das casas, comer a mellor comida e non sufrir as inclemencias dos duros traballos do campo («Dios llo paghe a miña madre que me puxo a costureira: vén a augha e non me molla, vén o sol e non me queima»). Non esquecemos no cartel 3 a Dorothe Schubarth, que escoitou, gravou e transcribiu centos de cantigas de Rosa e Adolfina.

Os carteis 4, 5 e 6 están dedicados a Eva Castiñeira, a cantareira e pandeireteira de Agranzón, Muxía. De entre todas as coplas que ela cantaba, seleccionamos algunhas estrofas de tres delas que representan momentos importantes da súa vida: o «Valse corrido de Agranzón» (lugar no que naceu e medrou), «A danza» (por recoller as súas vivencias na Coruña, cidade á que emigrou e na que xa ficou para sempre) e a «Jota de Eva» (que representa a súa etapa por algúns escenarios acompañando coa súa voz e pandeireta outros artistas, unha vez descuberto o seu talento musical).

Prudencia e Asunción Garrido e Manuela Lema, as tres Pandeireteiras de Mens, cantaron e tocaron melodías populares de diversas temáticas, que aparecen representadas nos tres carteis seguintes. No número 7 recollemos cantigas dedicadas a Mens e Asalo, os seus lugares de orixe. As coplas cuxa temática é a emigración protagonizan o cartel 8. Elas non foron emigrantes, pero viaxaron ao estranxeiro para atoparse coa colectividade que si o era. Finalmente, no cartel 9, escollemos cantigas sobre amor e desamor.

Para rematar, o cartel número 10 recolle cantigas que as novas xeracións toman do pasado do folclore popular e adaptan as súas letras ás inquedanzas do presente:

igualdade, identidade, diversidade..., para apuntalar con firmeza o futuro da nosa poesía oral popular.

Na esquina inferior esquerda de cada cartel incluimos un código QR cunha dobre intención. Por unha banda, a de proporcionar información complementaria poñéndolles son ás cantigas que figuran en cada un deles (nalgunhas ocasións, coas voces das propias cantareiras e, noutras, coas de agrupacións musicais actuais ou de alumnado do noso centro). Pola outra, para posibilitar que a información sexa entendida a través de máis dunha canle sensorial, facilitando así o acceso a ela por parte do alumnado NEAE.

Coa nosa participación no Concurso-Exposición sobre «As cantareiras e a poesía popular oral. Letras Galegas 2025», este 17 de maio a nosa comunidade educativa pretende renderlles unha agarimosa e agradecida homenaxe ás nosas veciñas Rosa e Adolfina, a Eva, ás Pandeireteiras de Mens e a todas as informantes dos concellos de Tordoia, Ordes, Laracha e Carballo, limítrofes co concello de Cerceda. Tamén ao resto dos informantes do noso país, cuxas cantigas están recollidas no *Cancioneiro popular galego*, e a todas as persoas que non tiveron a oportunidade de achegar as súas experiencias, pero que de seguro tamén as tiñan. Sen esquecer, por suposto, ás cantareiras e tocadoras de agora, que foron bebendo da tradición oral popular e que, dende xa, convidan as novas xeracións a participaren da nosa rica tradición cultural.

Do mesmo xeito que aquelas tocadoras, empezamos presentando a foliada:

Entrade mozas ó baile,
entrade poucas e poucas,
deixade o camiño libre
para que entren as outras.

E rematámola por todo o alto ata a seguinte:

Esta vai por despedida
hoxe aquí non canto outra,
os señores que ma oian
de hoxe nun ano oian outra.

Agradecementos

A nós mesmas, ao equipo directivo e ao resto das compañeiras e compañeiros do claustro, pola súa comprensión nas horas de traballo con eles e con toda a rapazada de infantil e primaria do centro, co fin de sacar adiante os carteis e a guía didáctica.

Aos 104 alumnos e alumnas do noso colexio, por seren quen de representar con sinceros ollos infantís os pensamentos dos adultos.

Ás nosas familias, amizades e todas aquelas persoas que, desinteresadamente, apoiaron o noso esforzo nesta viaxe.

A Richi Casás Salgado, músico, saxofonista e autor do libro *Foliada na Vila*, pola cantidade de documentación achegada referida á súa avoa Rosa e á súa madriña Adolfinia.

A Xabi Longueirón, compañeiro de profesión, por lanzar ao vento a posibilidade de participarmos no concurso.

Á veciñanza de Agranzón, en especial á señora Pilara Toba, por compartir connosco as súas memorias do século pasado.

A Maribel Pereiro Parceiro, costureira do lugar da Regueira, en Cerceda, que nos prestou o seu traxe tradicional galego.

A Carmen San León Martín, *Sanle*, que só puido acompañarnos nos primeiros pasos desta romaría, mais agora continúa a foliada nos nosos corazóns: «Miña nai, miña naiciña, como miña nai ningunha, que me quentou a cariña co calorciño da súa».



BIOGRAFÍAS

ADOLFINA E ROSA CASÁS RAMA

Somos Adolfinia (1912-2009) e Rosa (1914-2005) Casás Rama, tía e sobriña; nacemos no lugar de Vila da Igrexa, na parroquia de Cerceda. Fomos dúas mulleres humildes, labregas e traballadoras. Vivimos unha guerra civil e a fame e miseria da posguerra. Dende nenas levounos idea cantar, bailar e tocar a pandeireta.

Acadamos sona na Vila e en toda Cerceda de cantar e bailar ben. Cando nunha casa rica precisaban de mans para sachar, segar, mallar, traballar o liño..., avisábannos a nós primeiro para o traballo, pois o noso cantar chamaba pola xente. Os veciños sabían que se iamos nós, ao rematar calquera das faenas, habería

foliada en condicións. Nunha época sen televisión, radio ou mesmo luz eléctrica, as xuntanzas veciñais eran o mellor divertimento entre muiñeiras, xotas, pasodobres, valeses, cantos de arrolar ou cantos de Nadal. Tamén entre todo tipo de cántigas: de amor, regueifas, refráns, relixiosas, veciñais...

O tempo foi pasando e nos anos 60 a miña sobriña, Rosa, emigrou a Reino Unido e a Suíza. Nos anos 70 volveu á Coruña, pero nunca esqueceu a Vila, onde viviu ata o 2003. Eu, Adolfinia, quedei na Vila. A porta da miña casa sempre estivo aberta para os que quixesen entrar, tratando a todos como afillados meus: a «madrinha» que seguía inventando coplas á medida do que acontecía cada día.



Rosa e Adolfinia

EVA CASTIÑEIRA SANTOS

O meu nome é Eva Castiñeira Santos e nacín en 1925 (hai xa 100 anos!) no lugar de Agranzón, en Muxía. Xa con oito anos me gustaba moito cantar nas romarías coa miña irmá Engracia e con outras dúas veciñas pandeireteiras das que aprendín a tocar o instrumento.



Rueiro da Vila e casas de Adolfinia e Rosa



Casa de Eva Castiñeira en Agranzón

Igual que fixeron moitas mulleres do meu tempo, marchei á Coruña para traballar como asistente e alí vivín no barrio de San Pedro de Visma.

Quen me ía dicir que na casa na que traballaba, e con cincuenta e cinco anos, alguén se decatara do meu talento musical! Así que, grazas a isto, en 1981 fun convidada por Milladoiro a participar nun concerto e, canda a miña sobriña, cheguei a ser a primeira pandeireteira en subir a un escenario cun grupo folk.



Eva Castiñeira

A miña sona foi en aumento cando comecei a tocar a pandeireta con Florencio López Fernández, o cego dos Vilares, que acompañaba as cantigas co seu violín, e as nosas voces quedarían rexistradas no álbum *Recolleita* (1981), coordinado por Pablo Quintana. As miñas melodías tamén se integraron no álbum de Milladoiro *Galicia no país das maravillas* (1986). Tras o meu falecemento en 2008, o grupo Leilía dedicou á miña memoria o seu disco *Consentimento*.

Outras músicas que deixan a miña pegada son o «Valse de Agranzón», que ten interpretado Xabier Díaz; «Ao pasar pola Coruña», incluída por Luar na Lubre no disco *Mar maior*; ou a «Jota de Eva», que Leilía incluíu, cantada en parte por min, no devandito disco de homenaxe.

AS PANDEIRETEIRAS DE MENS

Son Prudencia Garrido Ameijenda e, por ser a maior, xa que nacín en 1905, preséntovos as miñas compañeiras: Asunción, que é a miña irmá e naceu en 1915, e Manuela Lema Villar, nacida en 1913.

Somos unhas labregas do concello de Malpica e sempre temos moi presente os nosos lugares de nacemento: Asalo, o meu e o de Asunción, e Mens, o de Manuela.

Xuntas comezamos a recoller e interpretar cantares populares, por iso somos coñecidas como as Pandeireteiras de Mens, aínda que hai quen tamén nos chama as Vellas de Mens.

Démonos a coñecer cando nos integramos na Agrupación Folclórica Aturuxo, e comezamos a actuar en escenarios de Europa e América coas nosas pandeiretas a principios dos anos 70 do século pasado. Transmitimos a nosa copla e os nosos bailes por moitos lugares, pero ao mesmo



As Pandeireteiras de Mens con Manuel Cajaraville (director artístico de Aturuxo)

tempo aproveitamos para viaxar e vivir unhas experiencias fantásticas que moita xente non consideraba axeitadas para a nosa idade, e deste xeito contribuímos tamén a que as mulleres e o patrimonio que representabamos se tivesen en conta.

Temos cantigas de diversas temáticas e moitos dos nosos bailes (muiñeira de Lañas, fandango muradán ou maneo de Mens) forman parte hoxe en día da cultura folclórica galega.

Eu, Prudencia, falecín en 1993, ao igual que Manuela, e no 2007 foi Asunción a que deixou de cantar. Pero coidamos que o noso legado seguirá vivo noutras moitas cantareiras que viñeron e virán despois de nós.

NOVAS XERACIÓNS

Eles son Fuxan os Ventos, Milladoiro, Mercedes Peón, Leilía, Xabier Díaz, Sés, Baiuca, Mondra, Tanxugueiras, Fillas de Cassandra, Alana, De Ninghures, Pan Sen Fron e moitos máis.

Pertencen ás novas xeracións que manteñen viva a poesía popular oral adaptándoa aos tempos modernos. Seguen os pasos das cantareiras de antano que gardaron e transmitiron este patrimonio e o enriqueceron coas súas voces e músicas. A súa forza vén do respecto pola tradición e da creatividade para explorar novos camiños.



Pan Sen Fron, Pandeireteiras Sen Fronteiros



Alana

Dende aldeas ata grandes escenarios, manteñen o espírito da foliada, pero tamén o conectan coas vivencias e inquietudes actuais: falan de igualdade, identidade, morriña, diversidade e festa. Exploran novas formas de expresión e mesturan instrumentos tradicionais como a pandeireta, o acordeón e a gaita con ritmos electrónicos, urbanos e contemporáneos.

A súa misión é que a lingua galega e a súa música popular sigan vivas, fortes e vibrantes, e que cheguen a todas as xeracións e recunchos do mundo. Grazas á súa creatividade, a poesía popular oral segue sendo unha expresión cultural relevante, que mira ao pasado con respecto, ao presente con compromiso e ao futuro con esperanza.

BIOGRAFÍA ADAPTADA CON PICTOGRAMAS



 ADOLFINA CASÁS	E	 ROSA CASÁS	 NACERON	 EN	 VILA DA IGREXA		
 EVA CASTIÑEIRA	 NACEU	 EN	 AGRANZÓN				
 PRUDENCIA GARRIDO	 ASUNCIÓN GARRIDO	E	 MANUELA LEMA	 NACERON	 EN	 ASALO E MENS	
 ALGUNHAS	 FORON VIVIR	 LONXE	 PERO	 VOLVERON	A	 GALICIA	
 FORON	 LABREGAS	E	 GUSTÁBALLES	 CANTAR	 BAILAR	E	 TOCAR A PANDEIRETA
A	 MÚSICA	 GALEGA	 NON	 SERÍA	 IGUAL	 SEN	
 ELAS	E	 SEN	 DOROTHÉ SCHUBARTH	 QUE	 REUNIU	 MOITAS	
 DESTAS	 CANTIGAS						
 AGORA	 MOITOS	 GRUPOS	E	 CANTANTES	 SEGUEN	 COIDANDO	
A	 NOSA	 CULTURA					

ACTIVIDADES


alumnado
NEAE

Pódense descargar actividades de todos os carteis adaptadas a alumnado NEAE na seguinte ligazón: <https://bit.ly/4c5u0UK>

CARTEL 1



CARTEL 10



ACTIVIDADES

comunidade
educativa

Pódense descargar propostas de actividades para toda a comunidade educativa (chaveiros, marcapáxinas, camisetas...) na seguinte ligazón: <https://bit.ly/3DZICsf>

ACTIVIDADES

educación infantil


Pódense descargar cada unha das actividades de educación infantil en formato A4 horizontal nesta ligazón: <https://bit.ly/InfantilA4>

CARTEL 1. Nun lugar de Cerceda vivían as pandeireteiras Rosa e Adolfina Casás. Cerquiña da súa aldea pasa a vía do tren que vai dende A Coruña ata Santiago. O cartel que está a carón da vía ten o nome do lugar que debes completar coas vogais.





V L D G R X

Colorea as travesas da vía facendo unha serie.










CARTEL 2. Rosa e Adolfina eran labregas: sachaban, plantaban as verzas, poñían as patacas, esfollaban o millo... Tamén cosían e tocaban a pandeireta. Asocia cada obxecto coas mans correspondentes.




CARTEL 3. Cando Dorothe Schubarth chegou á casa de Rosa e Adolfinia, as dúas lle cantaron unha morea de cantigas como as do cartel, que falan das costureiras. Recorta as pezas que empregan estas profesionais no seu traballo e pégaas onde corresponda para resolver o sudoku.





CARTEL 4. A cantiga de Eva Castiñeira cita un anel que se perdeu. Axúdalle a esta cantareira muxiá a atopalo.



CARTEL 5. Decora cada meia igual que o seu par. Despois conta e escribe cantos debuxos hai en cada meia.




CARTEL 6. Cada letra ten un número asociado. Coloca as letras enriba do número que lles corresponde e así descubrirás o nome do instrumento que tocaba Eva.



1	4	7	9	11	14	5	11	8	4


CARTEL 7. As Pandeireteiras de Mens cántanlle á súa terra querida. Busca na sopa de letras os 3 lugares que aparecen nas cantigas: Mens, Asalo e Barizo. Logo, pinta o castelo.



CARTEL 8. Imos facer un pasaporte musical: escribe o teu nome, cantos anos tes, debuxa o instrumento que che guste dentro do mapa de Galicia e fai o teu retrato.

***NOME:**
***IDADE:**
***O MEU INSTRUMENTO FAVORITO:**


17 de maio de 2025
Día das Letras Galegas



CARTEL 9. As Pandireiteiras de Mens están tocando diante dun palleiro. Busca as seis diferenzas que atopas entre as dúas imaxes.



CARTEL 10. A letra dunha das cantigas deste cartel fala do arco da vella. Crea o teu propio arco da vella seguindo o esquema de cores proposto. Podes pintar co dedo ou cun pincel, poñer adhesivos, pegar cachiños ou bólas de papel ou repasar con rotulador.



Agora canta cos teus compañeiros e compañeiras esta pequena peza e bailádea empregando os xestos que indicamos:

Só quero saber cando te vou ver, **(sinalar un ollo)**
terriña que anhele, choro **(xesto de chorar)** por volver.
Non podo vivir tan lonxe **(poñer a man na testa)** de eiquí,
escuma das praias **(facen ondas coa man)** onde eu crecín.

CARTEL 1

Actividade 1. Algunhas letras destes versos que cantaban Rosa e Adolfina desapareceron. Recupéraas e, se despois as ordenas, descubrirás a Palabra do Ano 2024 da RAG.

__s r__paciñas da V__la,
__u direi quen el__s son:
peque__iñas e ben fei__as,
alegh__es do __o__azón.

Letras que faltan

Palabra do Ano 2024 da RAG

Actividade 2. Le estoutra estrofa do valse e debuxa como pensas ti que pode ser a aldeíña da Vila, o lugar onde naceron estas dúas cantareiras.


A aldeíña da Vila
está pintada darredor-e,
que a pintaron as nenas
cunha cinta de color-e.




CARTEL 2

Actividade 1. Adolfina e Rosa eran tía e sobriña. Elabora a túa árbore xenealóxica seguindo este modelo e debuxa, recorta e pega as imaxes dos membros da túa familia. Nesta ligazón podes descargar o material para facela: <https://bit.ly/4c3PjGm>.

A MIÑA ÁRBORE XENEALÓXICA



Actividade 2. Decora a túa pandeireta empregando os materiais que desexes ou crea unha con material de refugallo: cartón, fío, chapas, teas, papeis... Podes descargar un modelo deste instrumento nesta ligazón: <https://bit.ly/pandeireta>.




CARTEL 3

Actividade 1. A musicóloga Dorothe Schubarth anotou os versos que cantaban Rosa e Adolfinia, pero as palabras desordenáronse. Téceas correctamente para recuperar a copla do cartel.

anduvén vida miña a Toda
 dunha tras costureiriña
 sin ela aghora quedei e
 liña. aghulla coma sin a


Actividade 2. Pregunta na túa casa ou aos teus veciños e veciñas por cantigas do lugar onde vives, fai como Dorothe e completa a seguinte ficha: <https://bit.ly/4l0EvwM>. Non esquezas gravar as cantigas se a persoa informante se anima a cantalas! Entre todos faremos «O noso cancionero».



Actividade 3. Como unha costureiriña, dá puntadas seguindo a orde dos números. Despois, completa o mapa co nome das catro provincias galegas no lugar que lles corresponde.

CARTEL 4

Actividade 1. Fíxate na copla que canta Eva Castiñeira e que se recolle no cartel. Debes axudala a atopar algo que perdeu e, ao final do labirinto, debuxalo.



Actividade 2. escoita o «Valse corrido de Agranzón», interpretado por Xabier Díaz, nesta ligazón: <https://bit.ly/4ktXEhc>. Despois, completa a copla con estas palabras:

quedan deches cariño viño pesa

O anillo que me _____
perdino na carretera:
non me _____ do anillo,
pésame de quen o leva.

O _____ vaise bebendo,
o viño vaise bebendo.
O _____ vai entrando,
a honra vaise perdendo.

Adiós hasta mañán-e,
adiós hasta mañán -e.
Adiós os que se _____,
Adiós os que se van-e.

Ailalalaralalala ailalalaralalala.

Ailalalaralalala ailalalaralalala.

Ailalalaralalala ailalalaralalala.

CARTEL 5

Actividade 1. Como podes ver, en moitas das cantigas populares atopamos palabras que riman, isto é, que rematan de xeito parecido. Pinta da mesma cor aquelas que riman.

foliada

ferreña

debuxo

colorada

chocolateira

alegría

aturuxo

leña

derradeira

romaría

Actividade 2. Nesta caricatura de Eva Castiñeira tocando a súa pandeireta debes atopar cinco diferenzas entre os dous debuxos.




CARTEL 6

Actividade 1. Na «Jota de Eva», a nosa cantareira de Agranzón cóntanos que a súa pandeireta non ten **ferreñas**. A que pensas que se refire? Le e escribe no lugar indicado as partes dunha pandeireta atendendo á descrición que che damos:

Aro: parte de madeira.

Ferreñas: pratiños metálicos.

Parche: peza de pel.



Actividade 2. Relaciona estes instrumentos co seu nome. Podes consultar esta [ligazón](#) e escoitar os seus sons.

1 pandeireta



2 pandeira



3 caixa



4 pandeiro



CARTEL 7



Actividade 1. Fíxate no mapa e descubrirás onde naceron as cantareiras homenaxeadas o Día das Letras Galegas 2025. Despois, colorea a provincia na que están eses lugares.

Actividade 2. Agora sinala nel a localidade onde vives ti e escribe o seu nome. Se corresponde a unha provincia distinta, píntaa doutra cor.

CARTEL 8

Actividade 1. As Vellas de Mens chegaron «alén do mar» para cantar e tocar fóra das nosas fronteiras. Sabes a que mar se refiren? Coñeces algunha persoa do teu contorno que tivese que marchar vivir fóra? Hai no teu colexio alguén que viñese doutro país?

Actividade 2. Grazas ás pandeireteiras e ás persoas que recuperaron as súas cantigas, hoxe podemos gozar dos seus valeses, xotas e muiñeiras. Pinta cada percorrido dunha cor e escribe ao lado de cada pandeireta o xénero musical que está soando.


Manuela toca a **muiñeira**



Asunción toca o **valse**



Prudencia toca a **xota**



CARTEL 9

Actividade 1. No cartel podes observar os debuxos de tres pandeireteiras. Escolle unha das seis homenaxeadas e fai a súa caricatura na ficha que podes atopar nesta ligazón: <https://bit.ly/Caricaturacantareira>.

Actividade 2. Ademais das nosas cantareiras, outras seis mulleres foron protagonistas o 17 de maio no pasado. Localiza os seus nomes nesta sopa de letras:

Rosalía de Castro
Francisca Herrera
María Mariño
María V. Moreno
Xela Arias
Luía Villalta

B	P	Z	C	U	Z	M	P	P	N	A	O	F	Z	X	U	K
T	N	M	X	V	N	E	F	T	U	E	M	H	V	R	S	H
E	O	U	D	E	U	F	E	V	M	V	J	G	O	R	M	H
M	K	L	V	Z	L	F	H	R	J	A	J	S	C	U	A	M
A	G	O	Q	U	N	A	U	I	V	F	A	B	X	S	R	O
R	E	G	B	P	H	G	A	D	R	L	D	I	C	J	Í	N
Í	U	D	Y	R	Y	C	E	R	Í	C	K	G	T	G	A	X
A	V	I	C	R	M	K	J	A	I	T	M	P	L	U	V	O
M	A	C	T	H	O	M	D	O	J	A	N	K	G	S	M	L
A	R	Q	G	Z	R	E	C	I	Z	K	S	N	N	Y	O	K
R	V	U	M	Y	C	F	F	Y	V	E	W	S	N	B	R	D
I	T	U	W	A	D	E	U	L	M	S	Q	D	O	R	E	M
Ñ	B	O	S	Z	T	E	K	Q	J	W	D	S	R	M	N	C
O	T	T	J	S	I	Z	C	F	G	Z	C	X	C	K	O	Y
P	R	L	U	Í	S	A	V	I	L	L	A	L	T	A	C	H
O	Y	L	Z	P	C	F	P	F	J	O	H	L	X	V	C	Z
F	R	A	N	C	I	S	C	A	H	E	R	R	E	R	A	P

CARTEL 10

Actividade 1. Mira estas pistas que che damos e escribe as letras que faltan para formar palabras que aparecen no cartel.

- A _____ : arco pequeno.
- C _____ : pezas de metal enlazadas.
- E _____ : conxunto de burbullas.
- L _____ : a moita distancia.
- P _____ : zonas de area á beira do mar.
- R _____ : festa popular.

Actividade 2. Segue o código de letras e números e atopa o verso agochado. Despois, fai un debuxo relacionado con el.



1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12

_____ _____ _____

4 11 2 12 6 1 3 1 11 9 10 1 5 1 11

_____ _____ _____

8 7 3 4 4 12 2 10 4 2 5 7



CARTEL 1. As romarías son parte esencial da cultura popular galega. Pescuda sobre unha que se celebre onde ti vives ou cerca. Despois, elabora un cartel para anuncia-la, coas actividades que vai haber, e no que animes a xente a ir.



CARTEL 2. E que se fai nas romarías? Pois bailar! Para os nosos bailes, en Galicia temos uns traxes rexionais ben fermosos. Podes ver a imaxe dun deles neste cartel. Intenta poñerlles nome ás súas partes. Déixoches unha axuda:

chambra, saia ou refaixo, enagua, mantelo, dengue, zapatos negros, medias caladas, chaqueta e pololos



Solución: 1 Dengue; 2 Chaqueta; 3 Refaixo ou saia; 4 Mantelo; 5 Chambra; 6 Enagua; 7 Pololos; 8 Medias; 9 Zapatos.

CARTEL 3. As cantareiras dedicábanlles moitas das súas coplas aos oficios. Busca nesta sopa de letras 6 profesións. Tes unha pista sobre unha no cartel.

C	S	O	F	D	Q	D	F	D	H	X
C	O	Z	H	I	K	D	H	Q	Z	D
M	A	S	A	R	I	E	D	N	A	G
A	C	N	T	E	Z	T	H	V	E	Z
R	V	V	T	U	W	N	E	T	U	U
I	T	A	G	E	R	B	A	L	P	W
Ñ	L	O	A	Q	I	E	H	F	C	J
E	I	T	E	C	C	R	I	K	W	N
I	A	H	J	H	U	F	A	R	A	P
R	V	S	L	V	S	U	G	V	A	U
A	B	A	R	Q	U	E	I	R	A	C

CARTEL 4. Os castelanismos son palabras do castelán empregadas no galego. Atopa no cartel dous castelanismos e escribe o termo correspondente na nosa lingua.











castelanismo	galego

CARTEL 5. Serás capaz de demostrar o teu talento do mesmo xeito que o fixo Eva Castiñeira? Busca unha palabra que rima coas que tes debaixo e fai un pareado con cada parella. Despois recítaos cantando.

Romaría rima con _____
Pareado:

Cantareira rima con _____
Pareado:

CARTEL 6. Neste cartel aparece un instrumento moi usado polas cantareiras para acompañar as súas coplas: a pandeireta. Intenta recoñecer o seu son e o destes outros instrumentos típicos da música galega. Nesta ligazón podes escoitalos: <https://youtu.be/6vYVFVXge2E>

Nº _____ acordeón	Nº _____ bombo	Nº _____ botella	Nº _____ cunchas	Nº _____ ferriños
				
Nº _____ gaita	Nº _____ pandeireta	Nº _____ pandeiro	Nº _____ tarrañolas	Nº _____ zanfona
				

CARTEL 7. Se observas o cartel, verás representadas as famosas Torres de Mens, un castelo do século XV. Ponlles nome ás súas partes guiándote das pistas:

Torre de garda: calquera das torres para vixiar e defender a construción.

Ponte levadiza: plataforma de madeira sobre o foso, fronte á porta principal.

Torre da homenaxe: torre principal, onde residía o rei ou señor feudal coa súa familia.

Ameas: cada un dos prismas que rematan os muros e torres.


Patio de armas: espazo que se atopaba no centro do castelo.

Muralla: muros que rodeaban a fortaleza.

Foso: enorme burato cheo de auga arredor do castelo para que os inimigos non puidesen achegarse.

Camiño de rolda: sendeiro na parte superior das murallas dende onde os soldados montaban garda.

Reixa: tamén chamada «peite», pesada reixa terminada en puntas para defender a entrada do castelo.



CARTEL 8. Neste cartel, as Pandeireteiras de Mens cántalle á emigración. Resolvendo este enigma atoparás dúas das cidades que acolleron a moitos galegos e galegas e o país ao que pertencen. Só tes que colocar, debaixo de cada letra, a letra anterior do abecedario.

N	P	Ñ	U	F	X	L	E	F	P



V	S	V	H	V	B	L

F

C	P	T

B	L	S	F	T



B	S	Z	F	Ñ	U	L	Ñ	B

Solución 8: Montevideo- Uruguayal e Bos Aires-Arentina.
 Solución 7: 1 Torre da homenaxe; 2 Ameas; 3 Foso; 4 Ponte levadiza; 5 Reixa; 6 Muralia; 7 Camiño de rolda; 8 Torre de garda; 9 Patío de armas.

CARTEL 9. Entre os temas que cantaban as nosas protagonistas non podían faltar o amor e o desamor. Escríbelle unha postal a unha persoa importante para ti na que lle digas os motivos de por que é especial.




CARTEL 10 As novas xeracións de cantadores e cantadoras tamén son recoñecidas este ano. Pescuda que mulleres foron homenaxeadas no Día das Letras Galegas dende a súa primeira celebración no ano 1963.

CANTO SABES DAS PANDEIRETEIRAS E CANTAREIRAS? Con toda a información que xa tes na biografía e nos carteis, intenta resolver este [Kahoot](#). Podes facelo individualmente ou en conxunto con toda a clase.

CARTEL 1

En grupos pequenos, analízade a rima das estrofas do cartel. Identificade os versos que non riman e substituíde os seus finais por palabras que rimen entre si para obter estrofas con estrutura de rima ABAB.

CARTEL 2


 Mentres escoitades a cantiga, collédevos da man en círculo, agás unha persoa, que será o desenredador. Ao ritmo da música, ídesvos enlazando entre vós, sen soltarvos en ningún momento da man. Cando a música pare, o desenredador será o encargado de desfacer os nós. Esta figura irá cambiando de maneira aleatoria.

CARTEL 3

Dorothe Schubarth iniciou a recollida de cantigas en Galicia de maneira individual, pero a colaboración con Antón Santamarina foi fundamental na culminación e publicación da súa investigación, o *Cancioneiro popular galego*.

Actividade 1. Recree o seu importante labor e recollede cantigas tradicionais e populares preguntando ás vosas familias, veciños ou comerciantes locais. Finalmente, reunídeas nun Padlet colaborativo (con texto, son, imaxe...) e create un slogan, co que poderedes elaborar materiais (adhesivos, obxectos coa impresora 3D ou coa cortadora láser) para animar a outras escolas a unirse ao proxecto.

Actividade 2. Unha caricatura é un debuxo onde se esaxeran as partes do corpo das persoas, facendo que sexan moi divertidas e graciosas. Propoñémosche que fagas unha caricatura de Dorothe Schubarth. Podes descargar o modelo en formato A4 na seguinte ligazón: <https://bit.ly/CaricaturaDorothe>.



CARTEL 4

Debatede en grupo sobre o significado da cantiga.

- Por que pensades que á persoa non lle pesa ter perdido o anel, pero si quen o leva?
- Que podería simbolizar o anel nesta historia? Recórdavos algo importante?
- Escribide unha pequena historia imaxinando o que sucedería ao final.

CARTEL 5


A sociedade, tanto no pasado coma no presente, impón certos estereotipos sobre como debe ser o corpo dunha muller (por exemplo: corpos delgados, pernas ou axilas sen pelo, bronceados ou non...). Escoitade a cantiga deste cartel a través do código QR e contestade ás seguintes preguntas:

- Menciónase algún aspecto do corpo da muller?
- Debatede na clase sobre a evolución dos estereotipos do corpo feminino, a influencia da moda, os traballos que hoxe poden realizar as mulleres etc.
- Create unha nova «ventá». Recortade imaxes de revistas, xornais ou de Internet que representen diferentes corpos de mulleres e distintos traballos que poden desenvolver, para crear unha colaxe que amose toda esta diversidade. Non existe un «único corpo feminino», a diversidade é natural e positiva.

CARTEL 6

Busca no dicionario os elementos que conforman unha pandeireta, e que tes máis abaixo, pero tenta describilos coas túas palabras. Logo, escríbeos no debuxo segundo corresponda.

- Aro: _____
- Pelica: _____
- Ferreñas: _____



- A que familia de instrumentos pertence? _____

CARTEL 7

Neste cartel cántaselle á terriña. Convértete por un día nun reporteiro e fai un artigo sobre o lugar onde vives. Conta o que ten de especial para ti e se existe algunha lenda sobre el.

CARTEL 8

Un acontecemento moi importante para a música tradicional galega foron as actuacións que as Pandeireteiras de Mens fixeron na Arxentina, onde se atopaban moitos veciños emigrados.

Coa axuda da profesora ou profesor, pescuda en Internet cales foron os principais destinos da emigración galega entre os séculos XIX e XX e coloréaos no mapa (podes descargalo en formato A4 nesta ligazón: <https://bit.ly/Mapaemigración>).

Cal era o principal medio de transporte para ir a estes países? E as razóns polas que marchaban? Coñeces alguén que tivese que viaxar tan lonxe?



Por último, en pequenos grupos, facédelle unha entrevista a unha persoa que tivese que emigrar. Despois, presentádea na clase, acompañada dalgunha fotografía da época.

CARTEL 9

Actividade 1. Observa o cartel e identifica as palabras que están en castelán. Logo, cámbiaas ao galego e forma unha oración con elas.


Outro vocábulo que aparece é **aghulla**. Por que pensas que está escrita así?

Actividade 2. Tal e como se reflicte na cantiga, ás veces o amor precisa agullas que curen e outras veces crávanse espiñas que fan dano. Nesta actividade imos reflexionar sobre o que nos fai ben nas relacións e o que nos fai dano, poñendo palabras a todo o que se ve... e tamén ao que queda agochado.

Coloca na parte superior do corazón (visible) as palabras ou comportamentos positivos relacionados co amor saudable e o bo trato.

Na parte inferior (oculta) escribe as palabras ou comportamentos relacionados co desamor, o maltrato emocional ou dinámicas tóxicas que ás veces non se ven a primeira vista.

Podes descargar o modelo en formato A4 nesta ligazón: <https://bit.ly/Amor-desamor>.



celos	desconfianza	dor	violencia	berros	control
respeito	sinceridade	comprensión	confianza	apoi	

CARTEL 10

Escoita agora estas cancións de Baiuca, Mondra e Tanxugueiras nas ligazóns que se indican debaixo. Despois, une con frechas segundo corresponda.

Baiuca: «Morriña»

Mondra: «TRÔUPELE»

Tanxugueiras: «Pano corado»

Artista	Estrofa	Tema_principal
Baiuca	Sempre me andas preguntando de que romaría veño. Veño de cantarlle ás moces de cantarlle ás moces veño.	Amor
Mondra	Arrópame arquiño vello, arrópame arco corado, rebenta as vellas cadeas dos amores presidiarios.	Foliada
Tanxugueiras	Só quero saber cando te vou ver terriña que anhele choro por volver. Non podo vivir tan lonxe de eiquí, escuma das praias onde eu crecín.	Morriña

- Coñeces máis artistas actuais que fagan música en galego? Escribe os seus nomes.
- Aseméllanse as súas cancións ás cantigas tradicionais? Tratan os mesmos temas? Seguen a mesma estrutura?

FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, Xesús (1969). *Cantigas sociais. Recollidas do pobo*. Vigo: Edicións Castrelos.

Casás, Richi (2020). *Fuliada na Vila*. A Central Folque.

Castiñeira, Eva; Florencio (o cego dos Vilares); Quintana, Pablo (coord.) (2003). *Recolleita* (Gravación sonora). A Coruña: La Voz de Galicia.

Quintáns Suárez, Manuel (2000). *Cancioneiro do Fisterra galego*. Noia: Toxosoutos.

Schubarth, Dorothé, e Santamarina, Antón (1982). *Cancioneiro galego de tradición oral*. A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza.

Schubarth, Dorothé, e Santamarina, Antón (1983). *Cántigas populares*. Vigo: Editorial Galaxia.

WEBGRAFÍA

Real Academia Galega

<https://academia.gal/inicio>

Museo do Pobo Galego. Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI)

<http://apoi.museodopobo.gal/>

Consello da Cultura Galega

<https://consellodacultura.gal/>

Documental *Dorothé na Vila*, (2020)

<https://vimeo.com/457417985>

Guía didáctica de instrumentos galegos

<https://www.instrumentosgalegos.gal/>

Oxford Pandeireteiras. Recursos

<https://oxfordpandeireteiras.wixsite.com/oxford>

Que pasa na Costa. Galería Mulleres

<https://bit.ly/4iTmoaz>

OUTRAS FONTES

Como xa especificamos no apartado de autoría, as fotografías empregadas foron cedidas para este uso polos seus donos ou tomadas polas autoras desta guía.

As imaxes utilizadas nas actividades foron elaboradas polo noso equipo ou descargadas de fontes con licenza Creative Commons ou gratuítas (pictogramas e textos de ARASAAC e AraWord, Pixabay).

Os arquivos sonoros dos carteis e da guía didáctica foron tomados do APOI (Museo do Pobo Galego), de vídeos públicos de Youtube ou ben gravados por mestras deste equipo.

Algunhas das fotografías e os arquivos sonoros de instrumentos musicais galegos foron tomadas da páxina instrumentosgalegos.gal (de Moisés Quintas Suárez).



*Esta vai por despedida.
hoxe aquí non canto outra.
os señores que ma oian
de hoxe nun ano oian outra.*

